



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Literatura Medieval Galego-Portuguesa	Código	613G02023	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Eirin García, Leticia	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es	
Profesorado	Eirin García, Leticia Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es carlos.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da literatura medieval galego-portuguesa a través dos seus textos e autores máis representativos.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.	A2		
	A7		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Coñecer a crítica textual e a edición de textos.	A16		
Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.	A17		
Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.	A18		
Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.	A19		
Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.	A20		



Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.		B2	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura medieval e a Idade Media.	Nocións preliminares. A literatura galego-portuguesa medieval: definición, delimitación e contextualización.
2. A poesía profana e relixiosa galego-portuguesa medieval.	Ámbitos, cronoloxía e periodización. A tradición manuscrita e a lingua lírica. A poética: xéneros, retórica, métrica e música. Autores e intérpretes.
3. A poesía profana.	A cantiga de amor. A cantiga de amigo. As cantigas satíricas. Outros xéneros.
4. A poesía relixiosa: as Cantigas de Santa María.	Autoría, transmisión manuscrita e fontes. Estrutura e clasificación.
5. Decadencia e prolongacións.	A escola galego-castelá. O Cancioneiro Geral de Garcia de Resende.
6. A prosa galego-portuguesa medieval.	A Historiografía. As materias narrativas: a Materia de Bretaña e a Materia de Roma. A prosa relixiosa e didáctica. Fernam Lopez e a produción cronística.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	14	21	35
Obradoiro	22	33	55
Lecturas	1	30	31
Traballos tutelados	1	10	11
Recensión bibliográfica	1	4	5
Presentación oral	1	1	2
Proba mixta	2	8	10
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.



Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contémpanse, entre outras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC ou o estudo de casos.
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, atópase a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso.
Traballos tutelados	Consistirá na análise, seguindo un roteiro fornecido pola profesora, dalgunha(s) das obras de lectura obrigada.
Recensión bibliográfica	Texto escrito, de carácter avaliativo e crítico, de determinadas aportacións bibliográficas que serán marcadas pola profesora.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, da análise dun ou varios textos, previamente acordados coa profesora.
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e que combinará exercicios de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora orientará aos e ás estudantes, ofrecéndolles a axuda necesaria para a realización dos seus traballos, especialmente en cuestións como a metodoloxía ou a selección das fontes de información. A orientación realizarase de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas indicacións escritas.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Lecturas	Terán de realizarse as lecturas obrigatorias que se recollen no apartado Fontes de información.	10
Presentación oral	Exposición oral da análise dun ou varios textos, previamente acordados coa profesora.	10
Traballos tutelados	Análise, seguindo un roteiro fornecido pola profesora, dalgunha(s) das obras de lectura obrigada.	15
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.	40
Obradoiro	Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía.	15
Recensión bibliográfica	Texto escrito, de carácter avaliativo e crítico, de determinadas aportacións bibliográficas que serán marcadas pola profesora.	10

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliáveis.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades solicitados no prazo fixado.

As persoas matriculadas a tempo parcial e que solicitaren e obtiveren dispensa académica deberán pórse en contacto coa profesora para fixar os traballos que deberán entregar.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.

As persoas que non superaren a materia deberán entregar, nas datas marcadas pola Facultade de Filoloxía para a segunda oportunidade, os traballos que foren solicitados e superar as probas marcadas pola profesora.

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliáveis/instrumentos de avaliación. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O alumnado con matrícula parcial deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

A cualificación de NON

PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%

Fontes de información

Bibliografía básica

- Brea, M. / Lorenzo, P. (1998). A cantiga de amigo. Vigo: Xerais
- Beltrán, V. (1995). A cantiga de amor. Vigo: Xerais
- Gutiérrez, S. / Lorenzo, P. (2001). A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago
- Polín, R. (1994). A poesía lírica galego-castelá (1350-1450). Santiago de Compostela: Servizo de publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago
- Tavani, G. (1990). A Poesía Lírica Galego-Portuguesa. Lisboa: Comunicação
- Lanciani, G. / Tavani, G. (1995). As cantigas de escarnio. Vigo: Xerais
- Fidalgo, E. (2002). As Cantigas de Santa María. Vigo: Xerais
- Projeto Littera (). Cantigas Medievais Galego-Portuguesas <http://cantigas.fcsh.unl.pt/index.asp>.
- Lanciani, G. / Tavani, G. (orgs.) (1993). Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa. Lisboa: Caminho
- Brea, M. (coord.) (2000). Galicia. Literatura. A Idade Media. XXX.. A Coruña: Hércules de Ediciones
- Dias, A. F. (1998). História Crítica da Literatura Portuguesa. Idade Média. Lisboa / São Paulo: Verbo
- Pena, X. R. (2002). Historia da Literatura Medieval Galego-Portuguesa.. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Lapa, M. Rodrigues (1981). Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval.. Coimbra: Coimbra Editora
- Buescu, M^a L. Carvalhão (1990). Literatura portuguesa medieval. Lisboa: Universidade Aberta
- Oliveira, A. Resende de (2001). O Trovador Galego-Português e o seu Mundo. Lisboa: Notícias
- Oliveira, A. Resende de (1995). Trobadores e Xogares (Contexto Histórico). Vigo: Xerais

Bibliografía complementaria

- Marques, A. H. Oliveira (1981). A Sociedade Medieval Portuguesa. Lisboa: Sá da Costa
- Martins, M. (1980). Estudos de Cultura Medieval. Lisboa: Brotéria



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías